

GALERÍA DE ARTE

Locus amoenus

O mundo da arte ofrécenos múltiples actitudes que se amosan como válidas cando a intencionalidade estética que se expresa na obra responde ó que o artista pretende reflectir. A madrileña Victoria Arenal, 1961, que expón ata mediados do mes de maio na Galería Sargadelos, parece como clamar unha necesidade, un empeño interior, un desafogo que a leva a plasmar unhas accións gratuítas que lle producen un sosego interior, plasmando pensamentos e actitudes pictóricas persoais sobre o contorno no que se desenvolveron as súas últimas vivencias persoais.

A obra desta artista xorde como un diálogo, diálogo que nos invita a participar na análise dun episodio da súa vida. Cadros que son como acontecementos en clave para que o espectador avive a imaxinación. Os seus lenzos contan unha historia de amor, a súa historia persoal con desenlace fatal. E a súa historia amorosa non está exenta dun humor agudo, céntraa en símbolos, que actúan como soporte dun desenvolvemento pictórico de moi libre factura con xogos de materiais e calidades de distinta índole. A opulencia do pan de ouro das listas que percorren moitos cadros soan como ecos de algo medieval. As tapicerías que envolveren as escenas de amor suxírennos ampulosidade barroca, confortabilidade, sensualidade, ambiente exquisito e preciosista. Os seus cadros dilapidan paixón, goce, entrega, tactamos neles os latexos dos corazóns que como outros elementos simbólicos penetran na nosa retina esixindo unha traducción. A fonte e o hortus conclusus como lugar de encontro e xogo amoroso, era tema recorrente na Idade Media, así mesmo a faena agrícola de 'Pirassoupy' remóntanos á alegoría erótica e burlesca do home casado cunha muller que non é virxe, ou a imaxe usada do arado e o suco para aludir ó sexo masculino e feminino. A soidade, o soño erótico do namorado. A presentación da morte, a fin dunha relación, asociada á transparencia ou brancura coa que posa a artista nunha actitude plenamente Ingriana, como algo que non se pode tocar. Símbolos do amor igualmente son os mirtos. E a máxima de que calquera sitio pode converterse nun locus amoenus, ese lugar de encontro para o amor, que a miúdo aparece salpicado de flores que foron espaxando as ninfas portadoras do corno da abundancia.

O percorrido desta historia que remata cunha vanitas foi o camiño dunha artista cunha sensibilidade exaltada que fixo do amor o obxecto da súa obra, que delata a amargura dun amor inútil entregado por unha muller apaixonada e tenra.